

ACTIVIDADES E XOGOS PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL

ASPECTOS A TER EN CONTA

- * Utilizar constantemente unha linguaxe clara e adulta, evitando os diminutivos e a linguaxe infantilizado.
- * Respetar o ritmo persoal do neno cando se expresa. Non o interromper cando conta algo. Non anticipar a súa resposta aínda que tarde en dala.
- * Se o neno comete erros na súa linguaxe, non rir estas incorreccións, repetir constantemente a expresión. Pódese utilizar o método de corrección indirecta das palabras do neno, respondéndolle frecuentemente, repetindo as súas frases, corrixindo as palabras mal ditas e engadindo as que non di, pero sempre despois de que el remate de falar.
- * Habituarse o neno a que saiba escoitar e que el tamén sexa escoitado.
- * Acostumbrar ao neno a que mire aos ollos á persoa que fala, acudir cando se lle chama, deixar o que esta facendo e atender ao que se lle di, non interromper aos demais ata que non haxan rematado a súa mensaxe. Que saiba escoitar ata o final.

ACTIVIDADES E XOGOS

1º. Esquema corporal....

Cando o neno esta xogando con algún boneco, podemos nomealo cada parte do corpo do boneco, sinalala e tocala. Despois faremos que sexa el mesmo quen o faga, formulándolle preguntas como:

¿Que é isto?....¿Dónde ten o nariz o teu boneco?....

Tamén podemos aproveitar os momentos do baño para facelo as mesmas preguntas sobre se mesmo.

¡ DESCUBRIRÁ o SEU PROPIO CORPO!

2º. As Cores.....

Mostrarlle ao neno diversos obxectos con diferentes cores e pedilo por exemplo que nos de "a mazá vermella", "o lapis azul", etc....

Despois suprímese a axuda de darlle o nome do obxecto e solo pídese a cor.

Por ultimo será o neno quen faga as peticións ao adulto.
¡ DIVERTIRASE!

3º. ¿Que imos a facer?.....

Aproveitar calquera actividade cotiá para entaboar unha conversación co neno, un día de limpeza, o coidado das plantas, facer un pastel, etc....
Utilizar a actividade para ir nomeando os diferentes obxectos que se utilizan, dicir algunha a súa característica, dicir cousas que sexan parecidas, diferentes, etc....

4º. ¿Que hai aquí?.....

Buscarase o que hai dentro de: o bolso de man, a carteira do colexio, a bolsa da compra, a bolsa de aseo, a caixa de ferramentas, o peto do abrigo, etc..
Hai que facer que o neno busque dentro do bolso e vaia nomeando todo ou que hai.
Pódense sacar todos os obxectos e que o neno os vaia introducindo dentro nomeándoos.
Este exercicio tamén se pode utilizar matematicamente, introducindo os números, agrupando etc.....

¡ CANTAS COUSAS!

5º. Imos recordar.....

Calquera experiencia pasada vivida polo neno pode servirnos como punto de partida para falar con el, tamén podemos explicarlle o proceso de desenvolvemento de cada un destes acontecementos.
Recordamos, unha viaxe, unha visita á casa dos avós, un aniversario, unha actividade no colexio, etc.....

¿RECÓRDALO?

6º. ¡ Imos escoitar!

Gravar sons que o neno deberá identificar. Estes sons poden ser de :

- animais (paxaros, cans, gatos, etc...)
- medio (unha porta que se pecha, tronos, chuvia, xente, etc...)
- instrumentos musicais (unha frauta, un tambor, etc...)

- propio corpo (roncar, voz, tusir, risas, choros, etc..)

7º. Asociación auditiva.....

i unha, dous e tres.....! Dime cousas que empecen por.....

* "a" como avión, azul, abuela.....

* e como elefante, anano, escoba.....

i unha, dous e tres...! Dime nomes de.....

* Xoguetes, animais, frutas.....

i un, dous e tres..!

Un xigante é grande, un anano es.....

O avó é vello, o neno es.....

Os cans fan "guau", os gatos hacen.....

8º. Os Contos.....

os contos fomentan a imaxinación do neno, descóbrenlle as cousas máis maravillosas, divírtেনlle, ensínanlle a escoitar, a pensar e a falar:

* Ler un conto que teña vistosos debuxos, pídeselle despois que identifique os personaxes e que explique que fan nos debuxos.

* Despois de ler o conto o adulto, pídeselle ao neno que se invente un título.

*que o neno invente o final dun conto.

*Primero conta o adulto un conto e despois é o neno quen o conta ao seu xeito, deixando que invente cousas.

Ánimo e desfrutaredes cos vosos fillos e fillas!!!!!!